

A CAIXA DE MÚSICA

A caixa de música que lle regalaran a súa filla, o xenro e os netos cando cumpriu oitenta anos era rectangular, branca e cunha greca de flores de cor rosa. Cando se abría soaba o *Para Elisa*, de *Beethoven*, e estaba forrada tamén de raso rosa. A bailarina da caixa tiña un tutú de til cor branco e os brazos cara arriba. Cando bailaba mirábase de seguido no espello que tiña a caixa na tapa, e daba volta ó redor polo menos un minuto seguido. Gustoulle tanto cando lla regalaron que a puxo na cómoda de castiñeiro que tiña no lado esquerdo da súa cama, que xa fora da súa nai. Nada máis erguerse pola mañá abríaa, igual que cando durmía a sesta e cando se deitaba pola noite. Non só soaba uns minutos, debían de ser máis de vinte porque lle daba á roda que tiña debaixo da caixa polo menos unha ducia de veces. Toda a familia decidiu que o próximo regalo que se lle fixera sería outra caixa de música porque, inda gustándolle, tiña que estar aburrida de escoitar sempre o mesmo. Así foi, e cando chegou o día do seu santo regaláronlle unha un pouco máis moderna. Era vermella e estaba decorada con notas brancas, pretas, redondas, fusas e semifusas de cor escura; na tapa tiña o pentagrama, e dentro un forro de estreliñas co sol e a lúa que se reflectían no espello. Soaba o tango *La comparsita* de Carlos Gardel e a bailarina tiña un vestido de cor preto.

A avoa xa non sabía cal era a que lle gustaba máis. Primeiro abría a caixa da bailarina do tutú branco para oír a música e, despois de pechala, dáballe corda á outra para escoitar unhas cantas veces seguidas *La comparsita*. Unha noite a avoa deixou as dúas caixas abertas e, despois de deitarse e quedar durmida, as bailarinas faláronse por primeira vez. En vez de presentarse a do vestido preto díxolle á outra:

—Ti padeces misonéismo.

—¿Que dis, ho? ¿E iso que é?

—Iso é o que senten as persoas ás que non lle gustan as novidades.

—Estás ben libre de que eu te envexe. Antes de que te escoitara a ti tantas veces seguidas escoitábame a min. Xa sei que as novidades gustan moito a todo o mundo, e a min tamén, pero aínda que a miña música sexa máis vella, é tanto ou máis fermosa que a túa, e tamén lle gusta a todo o mundo. Eu confórmome con que me escoite de cando en vez ¡E non son nada diso que dixeches!— A bailarina do tutú branco virou a cara para o outro lado e non lle falou en toda a noite.

Unha tarde a avoa recordou que a súa filla gardaba cousas nunha caixa no aparador do comedor. Alí tiña que estar un boneco do tamaño das súas bailarinas que lle trouxera o seu xenro de Barcelona cando foran de vacacións. A súa filla gardara todo aquilo porque dicía que xa había cousas dabondo pola casa adiante para lle limpar o po. Efectivamente, alí estaba o tamborileiro; dábaselle corda nas costas e tocaba o tamboril. Nin máis nin menos, parecía feito adrede para acompañar as súas bailarinas. Era un pouco máis grande pero os tres quedaban moi ben alí.

—¿Podo levar este tamborileiro que me trouxeches de Barcelona para adornar no meu cuarto? —preguntou a avoa.

—Fai o que queiras mamá, xa cho trouxen para ti.

—E que me gusta moito para as miñas bailarinas.

—Ben, pero xa lle limparás ti o po.

Colocouno no medio das dúas caixas de música e deulles corda. As bailarinas bailaban ó son da súa música e o tamborileiro tocaba o tambor. A avoa deitouse na cama ollando cara eles: —¡Que ben están alí os tres— pensaba.

Aquela noite as dúas bailarinas non deixaron de observar ó seu novo compañeiro. El, avergoñado, non se atrevía a miralas porque, polo rabiño do ollo, xa vira que as dúas eran moi guapas e non sabía cal das dúas lle gustaba máis. A do tutú branco sorriulle mentres que a do vestido preto chiscoulle un ollo e mandoulle un bico. El pechou os ollos e tocou o tamboril para que as dúas bailaran ó son da súa música.

Algunhas veces, a avoa, despois de escoitar o *Para Elisa*, pechaba a caixa. Cando isto ocorría a bailarina sentíase moi triste porque non podía ver ó tamborileiro que, de seguro, estaba a bailar e a tocar toda a noite coa outra mentres ela choraba.

Unha noite estaban os tres calados ata que o tamborileiro dixo:

—A música das vosas caixas é preciosa. Eu só podo tocar o tamboril, pero tamén é importante, e non porque o toque eu, senón porque se toca en moitos lugares do mundo. En Europa Occidental tócase en combinación con pífanos; en Sudamérica, nas festas rituais; en África tamén, acompañando ós instrumentos tradicionais igual que os vascos no *Txitus*. Para tocar a sardana tamén se necesita un tamboril e, por suposto, aquí, onde acompaña á gaita na muiñeira Eu nacín con un grupo de músicos de sardana que tocaban a *cobla*, o *faviol*, o *tiple*, o tenor cornetín, o *fiscorno*, o trombón e o contrabaixo; e tíñannos a todos xuntos nun bazar para vendernos pero, de todos eles, só me mercaron a min. Aínda así, quero que saibades que estou moi contento de estar con vós, a pesares de perder ós meus compañeiros da orquestra. Sodes moi guapas e

bailades como nunca vira bailar a ninguén e, se non é por vós, aínda estaría metido alí no aparador entre os cacharros, sen respirar o ar e sen ver a luz do sol. Son o músico máis feliz do mundo por estar aquí con vosoutras.

As bailarinas quedaron engaioladas para sempre polo tamborileiro, e el tamén, porque a do tutú lle agradaba pola súa timidez, que o facía sorrir, pero a outra era atrevida e gustábanlle as súas provocacións. El avergoñábase de sentir o que sentía pero, a verdade era que lle gustaban as dúas a morrer e tiña dúbidas de cal o atraía máis. Eran moi poucas as noites en que a avoa pechaba a caixa azul xa que, ó ser a última que soaba, quedaba durmida con ela aberta pero, cando non as pechaba, os tres se miraban con moito cariño e o tamborileiro dicíalles:

—Estou moi contento de que esteamos os tres xuntos e poidamos falar.

E así transcorría o tempo sen que o tamborileiro se decantara por ningunha delas. Unha noite, a avoa, despois de pechar a caixa branca, quedou profundamente durmida ó tempo que o cuarto empezou a encherse de fume. A bailarina do tutú espertou preguntándose a que ulía o cuarto ¿Que era o que estaba a pasar? De repente deuse conta de que cheiraba a queimado ¡Tiña que abrir a caixa como fose! Berrou alto e forte para que lle axudaran a abrila: —¡Auxilio! ¡Axudádeme! —pero o tamborileiro no podía oíla porque estaba metido na caixa da bailarina do vestido preto. A da caixa branca decatouse de que non a oía, soubo que tería que ser ela soa a que a abrira como fose e pediulle a Deus que a presilla do peche non estivese baixada porque, se non, sería a fin. Empurrou ata o límite das súas forzas e, por fin, puido abrir a caixa. O fume era tanto e tan negro que non se distinguía de onde saía, pero a bailarina empezou a bailar tan rápido que a música soou unha e outra vez facendo espertar á avoa

—¡Auxilio! ¡Valédeme! ¡Socorro! —berrou a muller.

O fume xa chegara a todos os cuartos e, asustados, levantáronse todos ó cheirar a queimado. Armouse tal rebumbio na casa que ninguén atinaba a atopar o lume do inferno.

—¿Que che teño dito mamá?! ¡Tes que apagar a manta eléctrica antes de dormir! ¡É un perigo dormir coa manta eléctrica acesa! ¡Sábelo! Menos mal que non fixo lume porque, senón, arde a cama e sabe Deus que tería pasado ¡Anda que...! Vai quedar un cheirume malo de sacar... Tiveches sorte de acordar, senón afogamos todos.

—Eu creo que estaba soñando coa música de *Para Elisa* e por iso acordei.

Acabaron de berrarlle á avoa, mudaron a cama e nai, filla e xenro tomaron unha tila.

—Vamos para a cama, mamá, despois de todo só foi un susto —volvéronse deitar.

A avoa decatouse de que o fume tamén manchara á bailarina do tutú, e menos mal que a outra caixa estaba pechada. A bailarina tiña os ollos inchados polo fume, pero deuse conta de que o tamborileiro non estaba ó carón da súa caixa.

Pola mañá toda a familia fregou a casa a fondo, había que quitar o tisne que deixara o fume. A avoa lavou as xoias que tiña gardadas na caixa da bailarina do tutú branco. Tamén a limpou a ela con moito coidado para non magoala máis. E menos mal que a outra bailarina e o tamborileiro estaban limpos como se foran do trinque.

Unha mañá díxolle a avoa á súa filla durante o almorzo:

—Estou pensando que a enfermeira que me ven tomar a tensión todas as semanas se porta tan ben comigo que lle vou regalar unha das caixas de música porque ben a merece.

—Fai o que queiras, mamá, son túas.

E meu dito, meu feito. Colleu a caixa vermella, empaquetouna nun papel de cores e regaloulle á enfermeira que lle viña unha vez á semana a tomar a tensión. Quedoulle moi agradecida porque lle gustaban moito as caixas de música. Ensinoulle tamén o tamborileiro e, sen darse de conta e por costume, gardouno outra vez no parador do comedor. E alí quedou soíña, na cómoda do cuarto, a bailarina do tutú branco.

Unha noite, mentres se espía para meterse na cama, á avoa déuselle por falar coa bailarina:

—¿Sabes unha cousa? —díxolle —Nunca cho dixen, pero quero que saibas que o día que se queimou a cama coa manta eléctrica eu estaba a soñar contigo e coa túa música, por iso espertei. Estou segura de que se non chego a soñar coa túa música... ¡Sabe Deus que tería pasado! —Deulle corda para facer soar a música. Despois de meterse na cama e tapar ben quedou ollando para a súa bailarina— Agora que me decato... ¡Quedaches moi soíña dende que regalei a outra caixa! ¿Sabes o que che digo? Que agora mesmo, antes de durmir, vouche buscar outra vez ó tamborileiro.